

Alén, Máis Alá

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O abade nigromante de Oseira

Da fabulosa historia deste abade do mosteiro de Oseira, situado no concello de San Cristovo de Cea (Ourense) hai poucas certezas e moitas interrogantes das que trataron, entre outros autores, Odo de Cheriton, Xacobe de la VoráGINE e Cesario de Heisterbach. Uns queren que fose en París, outros en Londres, algúns en Florencia ou Nantes. No século XVII Angel Manrique asegura nos seus Anales Cistercienses que o sucedido tivo lugar na famosísima Escola de Nigromancia de Toledo arredor do ano 1172 e que o protagonista foi Lourenzo, segundo abade do mosteiro de Oseira.

En Toledo, pois, dous mozos moi amigos estudiaban nigromancia, arte ou ciencia que se vale de encantamentos e meigallos demoníacos para convocar e facer resucitar ós mortos e para adiviñar por boca deles o futuro. Un dos mozos enfermou de gravidade, púxose á morte e o amigo rogoulle que se morrúa, se lle volveuse a aparecer pasados trinta días; o moribundo aseguroulle que así o faría sempre e cando lle fose permitido.

Morreu o mozo e o amigo vivo agardou a que pasasen os trinta días rezando pola alma do defunto. E nesas estaba, dentro dunha igrexa e diante unha imaxe da Virxe, cando o morto deu cumprimento á súa promesa.

A figura do aparecido era pálida e descomposta, laiaba e xemía, tiña os pés e as mans atados con cadeas incandescentes e vestía un traxe negro recuberto de palabras que nomeaban os seus pecados. O espectro pediulle ó amigo que estendese a man e este fíxoo. A pantasma deixou caer nela unha pinga de suor do dedo índice que no mesmo instante lle perforou a carne e acabou ardendo no chan. O amigo, dolorido aínda pola queimadura, preguntoulle polo motivo daquel estado tan desgraciado.

-Ai, pobre de min; así arderei eu eternamente no inferno por culpa desa arte diabólica que estudiamos. A nigromancia mata a alma. aconséllome, meu querido e único amigo, que te apartes desa abominable ciencia e que busques, servindo a Deus a expiación dos teus pecados por medio da vida relixiosa.

-Dime, meu amigo, ¿como teño que facer para salvar a miña alma?

-O único camiño para salvar a túa alma é a Orde do Císter. De todo o xénero humano son os desta relixión os que menos se condenan.

Desapareceu a pantasma do morto cos seus tormentos, e o vivo, tralos consellos da horripilante visión que acababa de ter, abandonou inmediatamente o estudio da nigromancia e ingresou como novicio nun convento na Orde do Císter.

Tempo despois profesou como monxe e no ano 1201 foi elixido abade do mosteiro de Oseira. Polo ano 1223 mereceu ser nomeado superior, nada menos que da abadía de Clairvaux. Non se sabe onde morreu; se foi en Clairvaux ou se, como queren outros, renunciou ó cargo e regresou para acabar os seus días en Oseira de Galicia.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

FERREIRO ALEMPARTE, J. «Historia del clérigo nigromante que, amonestado por su amigo muerto, dejó la nigromancia y se hizo monje. Su pretendida identificación con el abad D. Lorenzo de Osera», en Cuadernos de estudios Gallegos, XXXII, 96-97, p. 407-426, Compostela, 1981.

Bibliografía:

CUBA, X. R., MIRANDA, X. e REIGOSA, A., Diccionario dos seres míticos galegos[Negrumante], Xerais, Vigo, 1999.